6-8
ANOS

MIGRACIÓN E REFUXIO

DEREITOS SEN FRONTEIRAS: A DECISIÓN DE LINA

kaleidoskópio

OXFAM Intermón

ACTIVIDADES
N.º 2
Xuño 2017

A decisión de Lina

Ola, son Lina, teño sete anos e vivo nunha vila moi bonita, Vilatoupa. O que máis me gusta é xogar cos meus amigos Marco e Said. Case sempre imos xogar á pelota ao bosque que está na saída da vila, xusto ao lado do muro. Como cada dia, Marco, Said e máis eu saímos a xogar ao bosque coa pelota, mais no último día Marco bateu tan forte que a pelota rebotou no muro e saíu disparada para o alto das árbores e ficou atrapada na súa copa. Said e máis eu comezamos a rubir pola árbore e ao chegar ao alto vimos ao lonxe máis alá do muro unha gran sorpresa: detrás do muro había casas, e persoas que ían e viñan polas súas rúas, nenos que xogaban e... sorpresa... todos tiñan o cabelo de cor azul... Non o podía crer. Algo ocorría e tiña que descubrir o que era. Agora que xa nos coñecemos, estamos listos para continuar.

Lina Marco Said

ACTIVIDADE

Hai algunhas cousas desta historia que non acabo de entender. Podedes axudarme a descubrilas?

1

Por que credes que hai un muro a rodear Vilatoupa?

2

Que é un muro? Para que serve?

3

Na vosa vila ou cidade tamén existen muros? Para que serven?

Como ocorre en Vilatartaruga e Vilatoupa, no mundo hai moitos muros, barreiras, fronteiras e elementos que separan os pobos e as persoas. Buscade na casa a ver se encontrades fotografías dalgúns deles. Podedes tamén preguntar ás vosas familias, que con certeza vos poden axudar.

Máis indicacións para realizar todas as Actividades, na guía didáctica.

Vilatoupa e Vilatartaruga

Continuamos a historia? Despois de recuperar a pelota, volvemos correndo á casa e fun buscar meu avó para que nos explicase quen vivían detrás do muro cerca do mar. E esta é a historia que nos contou:

"Había unha vez dúas vilas que eran moi boas veciñas. A nosa vila, Vilatoupa, e a vila próxima do mar, Vilatartaruga. Eu nacín e vivía en Vilatartaruga e túa avoa en Vilatoupa, sempre adoitábamos ir pasear polo bosque ou pola praia. Túa avoa adoraba ir á praia e eu adoraba subir ao bosque, mais o mellor de todo é que tiñamos moitas amizades e familiares en ambas as vilas.

Por moitos anos fomos dúas vilas felices que vivíamos en paz. Compartíamos moitas cousas mais tamén tíñamos as nosas diferenzas. Os habitantes de Vilatartaruga tíñamos o cabelo azul.

Avó de Lina

Os habitantes de Vilatoupa, polo contrario, tiñan o cabelo de diferentes cores: negra, louro, castaño... mais ningún o tiña azul. Algúns pensaban que a cor azul era debida á proximidade do mar, outros dicían que era porque comíamos peixe e produtos do mar. Non sabemos por qué, simplemente tiñamos o cabelo de distinta cor.

Todo ía ben, até que un día houbo unha lea entre dous veciños, un de cada vila. Ningún lembra a causa mais, aos poucos, os veciños e veciñas das dúas vilas foron desconfiando os uns dos outros. Comezaron a dicir que as persoas do cabelo azul éramos mas e perigosas. Comezou a haber leas e discusións entre os habitantes das dúas vilas até o punto de que algunhas persoas comezaron a pensar que ter un muro que separase as dúas vilas era boa idea. Pensaban que así se acabarían as leas. Outras persoas dicían que era unha loucura porque sempre estivéramos unidos e que un muro non servía para nada, pensaban que si se podía ser diferente e estar unido.

Mais comezouse a construír o muro. Ao principio, podíase saltar facilmente e podíamos chegar a Vilatoupa desde Vilatartaruga e viceversa, mais, pouco a pouco, o alcalde e algúns veciños foron facéndoo cada vez máis alto, porque cada vez era maior a desconfianza que sentían os uns polos outros. Se o muro se facía máis alto chegaría un momento que non poderíamos pasar dun lado para outro.

Unha mañá, quería ir a Vilatoupa ver túa avoa e uns amigos con que nos encontrábamos para xogar ás cartas. Lavei a cara, peiteeime, vestinme e saín de casa cunha chaqueta baixo o brazo por se apertaba o frío a media tarde. Cando cheguei, non o podía crer: o muro era o dobre de alto e xa non se podía saltar facilmente. Agora necesitaría unha escada, como mínimo, para poder pasar.

ACTIVIDADE

Entristeceume moito esta historia, como puido ter pasado algo así?

- Que vos pareceu a historia que nos contou a historia?
- Que vos sorprendeu máis?
- Por que din que son diferentes? Implica algún problema ser diferente?
- Por que? As persoas temos moitas cousas en común que deberíamos valorizar... En cales pensades?

Coas fotografías que trouxestes da casa imos organizar un mural sobre os muros, as fronteiras e barreiras que separan as persoas no mundo. Na aula, podedes comentar qué son e para qué serven os muros e as fronteiras.

A historia pode mudar

Con certeza as vosas reflexións sobre os muros e as fronteiras que separan as persoas son moi interesantes. Estou segura de que as persoas podemos falar e arranxar os nosos problemas e aceptar as nosas diferenzas e que os nosos probos poderemos conseguir vivir máis felices e en paz. Que bo sería poder quebrar os muros que nos separan e que os nosos pobos puideren convivir felices e en paz! Non credes?

Mais antes nos restan cousas por facer. Queredes coñecer un pouco máis a historia? Lede, lede...

-Avó, non puidestes facer nada para impedir que construísen o muro? – pregunteille.

ACTIVIDADE

Propóñovos ir construíndo un muro no voso patio – ou noutro lugar da vosa escola – que chamaremos o "muro das inxustizas" e derrubaré-molo ao final.

Imos construílo con tetrabricks ou caixas (que serán os tixolos) e en cada un escribiremos ideas ou cousas que imos ir descubrindo nestes días. Dareivos máis detalles despois, mais avísovos para que vaiades recollendo desde agora tetrabricks ou caixas, así como ideas e cousas que non vos gustan para apuntalas e derrubalas.

"Pois olla, Lina, ao principio a xente estaba moi enfadada os uns cos outros, mesmo se batían entre eles, e eu non me atrevía a facer nada. Polo contrario, túa avoa si que o tentou falando coa xente da vila, tentando entendelos e facerlles ver que un muro non servía para nada. Mais ninguén entraba en razón. A xente comezou a desconfiar cada vez máis os uns dos outros, porque éramos diferentes. E non hai nada peor, Lina, que vivir con medo e desconfianza.

Finalmente, entendín que, se quería vivir en paz con túa voa,. tiña que marchar definitivamente da miña casa para Vilatoupa. Unha noite apañei unha escada e crucei o muro para Vilatoupa. E non fun o único, moita xente saltaba dun lado para outro cargada con maletas e mochilas. E esa foi a última vez que puiden cruzar o muro, porque ao dia

seguinte o muro xa era tan alto que só o sol e a lúa eran capaces de se asomar por el. De repente, decateime de que talvez non volvería ver a miña familia de Vilatartaruga, nin os meus amigos e amigas, o meu traballo, o mar... e así foi e parece que será...", terminou meu avó moi entristecido.

-Ah! Non hai dereito – dixen. Ninguén nos pode prohibir estar cos nosos amigos, e amigas, coas nosas familias, traballar onde queiramos, ver o mar... Estades de acordo comigo?

ACTIVIDADE

Agora que xa coñecedes a historia de meu avó, comentade.

- Por que credes que está triste?
- Por que decidiu marchar da súa vila?
- Como vos sentiriades se tivésedes que marchar da vosa casa para poder vivir en paz?
- Por que Lina di que non hai dereito?

Para reflexionar un pouco máis sobre esta historia, propóñovos un xogo que talvez xa coñecedes: o xogo da cadea. Teremos que ir ao patio. Necesitamos un espazo grande porque imos ter que correr moito.

Instrucións para xogar o xogo da cadea

Para comezar, tres ou catro nenos ou nenas colocaranse no centro da pista collidos da man formando unha cadea e imos imaxinar que é o muro que separa Vilatartaruga de Vilatoupa.

Os demais deberedes ir a un lado e a outro, e seredes os habitantes de ambas as vilas. O voso obxectivo será cruzar o muro sen que os que forman a cadea /muro vos apañen.

Tedes que saber que:

Só poden apañar os extremos da cadea.

Se pasades polos arcos centrais, poderedes salvarvos e chegar ao outro lado.

Se os que forman a cadea sóltanse das mans perden e non vos poden apañan.

Se os que formades a cadea apañardes alguén, pasará a facer parte da cadea, isto é, o muro farase cada vez máis longo.

Agora descansemos un pouco e falemos do que sentimos mentres xogábamos á cadea.

- Que sensacións experimentastes? (Ex.: medo, rabia, alegría, nerviosismo, tranquilidade...)
- Cando as sentistes?
- Ao comezar o xogo, ao conseguir pasar, ao ser apañado... Que sensacións credes que viviu o avó de Lina ao non poder pasar?

Dereitos sen fronteiras

A historia que me contou meu avó preocupoume moito. Xa sei que ás veces as persoas nos enfadamos e nos pelexamos porque queremos cousas diferentes, mais é moi triste ter que marchar da túa casa porque non hai paz e tedes que vivir sempre rodeados de muros sen poder saír nin entrar.

Creo que ser diferente non debería ser un problema porque todos temos cousas que nos fan diferentes e únicos e cousas moi parecidas ou iguais que as demais persoas. E iso significa que poderíamos compartir e aprender moito os uns dos outros. Non credes? Pode ser que, a miúdo, repararmos demasiado nas nosas diferenzas e pouco no moito que todas as persoas compartimos? O que pensades?

ACTIVIDADE

Propóñovos un xogo para falar sobre iso, chámase: o mundo de cores. Para comezar, a vosa mestra ou mestre colocaravos uns adhesivos na fronte. Non os podedes quitar.

Despois, sen falar, tedes que vos agrupar como mellor vos parecer... Mais é moi importante que non vos esquezades de que non podedes falar!

Adiante!

- Gustouvos o xogo? Por que si e por que non?
- Como fixestes os grupos? Foi fácil facelos?
- Hai alguén que non se puido agrupar? Por que?
- Como vos sentistes? Por que? Como é sentirse diferente?
- Como tratamos no grupo aos diferentes?
- Poderíamos ternos agrupado de forma distinta? Que outras cousas compartimos?

Por tantas pelexas, medos e desconfianzas, meu avó nunca puido regresar á súa vila e os veciños e veciñas coma min nunca puidemos coñecer o que hai do outro lado do muro. Que absurdo! Non vos parece?

Creo que sería xenial encontrar unha forma de derrubar para sempre o muro que nos separa e que as dúas vilas consigan convivir felices e en paz. Axudádesme?

ACTIVIDADE

Como poderíamos derrubar o muro para sempre? Por que non inventades unha solución para que Vilatoupa e Vilatartaruga volvan estar unidos e poidan vivir en paz?

Pensade moi ben que terían que facer para conseguilo. Comentádeo e facede debuxos que conten cómo chegaron ao acordo para derrubar o muro; despois, podedes escoller un final con que toda a aula esteades de acordo. O voso debuxo final será a quinta viñeta.

ACTIVIDADE

Despois de derrubar o muro, o que credes que fixeron os veciños e as veciñas das dúas vilas cando volveron se encontrar despois de tanto tempo?

- O que os debeu sorprender dos demais e deles mesmos? Credes que volveron ter problemas coas súas diferenzas? Se os tiveron, como os resolveron? Talvez non tiveron problemas, senón que lles gustou coñecer o que os facía diferentes porque era moi divertido e interesante...

Despois de falalo na aula, podedes facer un debuxo que mostre o que ocorreu entre eles e elas. Despois, entre todos os nenos e nenas da aula, podedes inventar un único final. Este debuxo final será a sexta e última viñeta. Así converteredes esta historia nun bonito conto.

Con certeza teredes inventado uns finais moi bonitos para esta historia. Finalmente, as dúas vilas entendemos que debíamos derrubar o muro e que tíñamos que nos pór de acordo e avaliar as nosas diferenzas con respecto. A nosa vida é tan bonita agora que hai paz e podemos xogar e nos mover libremente entre Vilatartaruga e Vilatoupa! Temos novos amigos e amigas, eu xa coñecín a parte da miña familia que vivía en Vilatartaruga e estamos moi felices.

Abaixo os muros!

Xa derrubamos o muro entre Vilatoupa e Vilatartaruga! Mas vimos que fican aínda moitos muros no mundo e moitas ideas que separan as persoas. Por iso, agora vos propomos reunirmos todas as ideas que descubrimos durante estas semanas e construamos con elas un muro, o "muro das inxustizas", que tamén derrubaremos para sempre.

#DerechosEnMovimiento

ACTIVIDADE

Para iso, imos utilizar os tetrabricks que fomos gardando e limpando ao longo destas semanas. Cada tetrabrick representará un tixolo. Recortaremos tres papeis brancos das medidas dunha das caras do tetrabrick. Tedes que pensar en tres cousas ou nalgunha idea que nos separe ou divida das demais persoas, podedes escribilas ou facer debuxos, ou buscar fotografías. Despois, colarémolas nos papeis brancos que recortamos.

Podedes ir construíndo o muro coa axuda das outras aulas. Podedes pedir ás outras aulas que vos axuden con máis tixolos e que alimenten o muro con debuxos, frases ou fotografías das cousas que nos separan e dividen. Propóñovos que fagades unha exposición no voso centro coas viñetas e cos finais que inventastes. Tamén podedes convidar as vosas familias, os vosos veciños e veciñas, o Concello, etc. para que coñezan a historia, participen e axuden a derrubar o muro.

ACTIVIDADE

Para non esquecer nunca o que aprendemos en nestes días, que vos parece se completades entre toda a aula as seguintes frases? Despois, podédelas pendurar na parede para poder lembralas todos os días:

- As nenas e nenos da aula .....

  descubrimos que .....

- As nenas e nenos da aula .....

  gústanos que .....

- As nenas e nenos da aula .....

  queremos que .....

  .....

kaleidoskópio

OXFAM Intermón